



ENSINO SECUNDARIO PÚBLICO

CÓDIGO DO CENTRO

2	7	0	1	3	9	5	8
---	---	---	---	---	---	---	---

IES	MONTE CASTELO
------------	----------------------

Enderezo		C.P.
Rúa Os Matos, s/n		27880
Localidade	Concello	Provincia
BURELA	BURELA	LUGO
Tfno.	Fax	Correo electrónico
982 82 82 41	982 82 82 55	ies.monte.castelo@edu.xunta.es
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/	

PROXECTO LINGÜÍSTICO

ÍNDICE

1	MARCO LEGAL, OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
2	DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E ADULTOS, BACHARELATO E CICLOS	4
3	MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN	17
3.1	MEDIDAS CURRICULARES	17
3.2	MEDIDAS DE TIPO ORGANIZATIVO:	17
4	PROCEDEMENTOS QUE ASEGUREN QUE O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS ACADE A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	17
5	ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	18
6	ESTRATEGIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	18
7	OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	19
7.1	OBXECTIVOS XERAIS	19
7.2	OBXECTIVOS PARTICULARES	19
7.3	LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	20
7.3.1	USO DA LINGUA NO IES MONTE CASTELO	20
7.3.2	O GALEGO NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	20
7.3.3	OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN	20
7.3.4	ALUMNADO EXENTO DA MATERIA LINGUA GALEGA	21

1 Marco legal, obxecto e ámbito de aplicación

O artigo 14 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004. Este Plan xeral establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade do estudantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galiza e da lingua propia no ensino.

Coa publicación da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa, establécese un novo currículo para a ESO e o Bacharelato no Decreto 86/2015. Neste recórdase que na LOMCE se incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Xa que logo, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, o Decreto 86/2015 refire que é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

Na súa virtude, en uso das atribucións conferidas polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, unha comisión de profesorado do centro nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica, redactou o seguinte :

Obxecto e ámbito de aplicación.

Este proxecto lingüístico desenvolve, para a súa aplicación en todos os niveis de ensinanza do IES Monte Castelo de Burela, os contidos incluídos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, tendo en conta os seguintes principios:

- Garantía da adquisición dunha competencia lingüística en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantía de equilibrio nas horas semanais e materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
- Promoción da dinamización da lingua galega.

O fomento da(s) lingua(s) estranxeira(s) reforzarase por medio de intercambios con outros centros educativos europeos, viaxes interculturais e correspondencia epistolar.

2 Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de Educación Secundaria Obrigatoria e Adultos, Bacharelato e Ciclos Formativos.

A) Na Educación Secundaria Obrigatoria

De conformidade co disposto no Artigo 7º (punto 3) do citado Decreto, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Impartiranse en galego as seguintes materias:

- Ciencias sociais, xeografía e historia;
- Bioloxía e xeoloxía.

Impartiranse en castelán as materias de:

- Matemáticas,
- Tecnoloxías
- Física e química

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

En virtude deste artigo, a decisión do centro con respecto ás materias da ESO foi a seguinte:

1º ESO - LOMCE
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura	4		4
Lingua castelá e literatura	4	4	
Primeira lingua estranxeira	3		
Xeografía e historia	3		3
Educación física	2		2
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1		1
Segunda lingua estranxeira / Reforzo	2		
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	2	
Matemáticas	5	5	
Bioloxía e Xeoloxía	4		4
Oratoria/ Paisaxe e sustentabilidade (Elixir)	1	1	
Total:	32	12	15
	% =>	38%	47%

2º ESO - LOMCE
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura	3		3
Lingua castelá e literatura	3	3	
Primeira lingua estranxeira	3		
Xeografía e historia	3		3
Educación física	2		2
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1		1
Segunda lingua estranxeira	2		
Reforzo Linguas	2	1	1
Matemáticas	5	5	
Música	2	2	
Física e Química	3	3	
Tecnoloxía	3	3	
Libre configuración do centro	1	1	
Total:	34	18	11
	% =>	53%	32%

2º ESO – LOMCE- PMAR
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito lingüístico e social	9	3	6
Ámbito científico matemático	8	5	3
Educación física	2		2
Música	2	2	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	2	
Tecnoloxía	3	3	
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1	1	
Libre configuración do centro	1	1	
Ámbito de linguas estranxeiras	3		
Total:	32	17	12
	% =>	53%	38%

3º ESO – LOMCE- PMAR
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito lingüístico e social	9	3	6
Ámbito científico matemático	8	5	3
Educación física	2		2
Música	2	2	
Tecnoloxía	2	2	
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1		1
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	2	
Ámbito de linguas estranxeiras	3		
Cultura Clásica	2		2
Total:	32	14	15
	% =>	44%	47%

3º ESO - LOMCE
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura	3		3
Lingua castelá e literatura	3	3	
Primeira lingua estranxeira	3		
Xeografía e historia	3		3
Educación física	2		2
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1	1	
Segunda lingua estranxeira	2		
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	2	
Música	2	2	
Cultura Clásica	2	2	
Bioloxía e Xeoloxía	2		2
Física e Química	2	2	
Tecnoloxía	2	2	
Matemáticas (Académicas/ Aplicadas)	4	4	
Total:	34	18	11
	% =>	53%	32%

4º ESO - LOMCE
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura	3		3
Lingua castelá e literatura	3	3	
Primeira lingua estranxeira	3		
Xeografía e historia	3		3
Educación física	2		2
Relixión // Valores éticos (Elixir)	1		1
Titoría	1		1
Total:	16	8	10
	% =>	19%	63%

Materias opción ensinanzaas aplicadas	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas orientadas as ensinanzaas aplicadas	4	4	
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	3	3	
Ciencias aplicadas á actividade profesional	3	3	
Total:	10	10	0
	% =>	100%	0%

Materias opción ensinanzaas académicas	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas orientadas as ensinanzaas académicas	4	4	
Bioloxía e Xeoloxía	3		3
Física e Química	3	3	
Economía	3	3	
Latín	3		3
Total:	16	10	6
	% =>	63%	38%

Materias específicas	Ses/sem	Castelán	Galego
Segunda lingua estranxeira - Francés	3		
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3		3
Música	3	3	
Cultura Clásica	3	3	
Cultura Científica /	3		3
TIC	3		3
Filosofía	3	3	
Tecnoloxía	3	3	
Total	24	12	9
	% =>	50%	38%

Cifras globais por opcións:	Ses/sem	Castelán	Galego
Opción ensinanzaas aplicadas	50	30	19
	% =>	60%	38%
Opción ensinanzaas académicas	56	18	25
	% =>	32%	45%

B) NO BACHARELATO

Segundo o artigo 8 do Decreto 79/2010 do 20 de maio, o alumnado terá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade, e optativas para impartir en galego e en castelán..

En virtude deste artigo, a decisión do centro con respecto ás materias de BAC foi a seguinte:

1º BAC - LOMCE PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
---	--	--	--

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura I	3		3
Lingua castelá e literatura I	3	3	
Primeira lingua estranxeira I	3		
Filosofía	3	3	
Educación física	2		2
Total:	14	6	5
	% =>	43%	36%

Materias Modalidade Humanidades e CCSS	Ses/sem	Castelán	Galego
Latín I	4		4
Matemáticas Aplicadas a ciencias sociais I	4		4
Economía	4	4	
Historia do Mundo Contemporáneo	4	4	
Literatura Universal	4	4	
Grego I	4		4
Total:	24	12	12
	% =>	50%	50%

Materias Modalidade Ciencias	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas I	4		4
Biología e Xeoloxía	4	4	
Física e Química	4		4
Debuxo Técnico I	4		4
Total:	16	4	12
	% =>	25%	75%

Materias Modalidade Artes	Ses/sem	Castelán	Galego
Fundamentos da Arte	4	4	
Cultura Audiovisual	4	4	
Debuxo Artístico	3	3	
Volume	3	3	
Total:	14	14	0
	% =>	100%	0%

Materias Específicas e de Libre Configuración	Ses/sem	Castelán	Galego
Linguaxe e Práctica Musical	3	3	
Cultura Científica	2		2
Segunda lingua estranxeira I	2		
Anatomía Aplicada	3	3	
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	2		2
Relixión	1		1
Literaturas Hispánicas	2		2
Tecnoloxía Industrial I	3		3
Teatro	1	1	
Antropoloxía	2		2
Robótica	1		1
	22	7	13
	% =>	32%	59%

2º BAC - LOMCE PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL
--

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura II	3		3
Lingua castelá e literatura II	3	3	
Primeira lingua estranxeira II	3		
Historia de España	3		3
Total:	12	3	6
	% =>	25%	50%

Materias Modalidade Humanidades e CCSS	Ses/sem	Castelán	Galego
Latín II	4		4
Matemáticas Aplicadas a ciencias sociais II	4		4
Economía da Empresa	4	4	
Xeografía	4	4	
Grego II	4		4
Historia da Filosofía	4		4
Historia da Arte	4	4	
Total:	28	12	16
	% =>	43%	57%

Materias Modalidade Ciencias	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas II	4		4
Bioloxía	4	4	
Física	4		4
Debuxo Técnico II	4	4	
Xeoloxía	4	4	
Química	4		4
Total:	24	12	12
	% =>	50%	50%

Materias Modalidade Artes	Ses/sem	Castelán	Galego
Fundamentos da Arte II	4	4	
Cultura Audiovisual	4	4	
Deseño	4	4	
Debuxo Artístico II	3	3	
Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	3	3	
Total:	18	18	0
	% =>	100%	0%

Materias Específicas e de Libre Configuración	Ses/sem	Castelán	Galego
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3	3	
Tecnoloxía Industrial II	3		3
Tecnoloxías da Información e a Comunicación II	3		3
Relixión	1		1
Psicoloxía	3	3	
Segunda Lingua Estranxeira Frances II	3		
Métodos Estatísticos e Numéricos	2		2
Xeografía e Historia de Galicia	2		2
Ética e Filosofía do Dereito	2		2
	22	6	13
	% =>	27%	59%

C) NA FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA

Na Formación Profesional específica de grao medio e superior, haberá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acadase a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas.

De acordo co artigo 9 do Decreto 79/2010 do 20 de maio a decisión do centro con respecto ás materias impartidas nos Ciclos Formativos é a seguinte:

CM Coidados Axiliares de Enfermaría PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
--	--	--	--

Primeiro curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Operacións administrativas e documentación sanitaria	3		3
Técnicas básicas de enfermaría	12	12	
Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	6	6	
Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	6		6
Técnicas de axuda odontolóxica	5		5
Relacións no equipo de traballo	2	2	
Formación e orientación laboral	2	2	
Horas a disposición do centro	2	2	
Total:	38	24	14
	% =>	63%	37%
Segundo curso			
Formación en centros de traballo (Hospital da Costa)	-		

Ciclo Superior de Saúde Ambiental PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
--	--	--	--

Primeiro curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Organización e xestión da unidade de saúde ambiental	5	5	
Augas de uso e consumo	13		13
Produtos químicos e vectores de interese na saúde pública	7	7	
Formación e orientación laboral	2	2	
Contaminación atmosférica, ruídos e radiacións	9		9
Horas a disposición do centro			
Total:	36	14	22
	% =>	39%	61%

Segundo curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Residuos sólidos e medio construído	8	8	
Control e vixilancia de contaminación da alimentación	16		16
Educación sanitaria e promoción da saúde	7	7	
Proxecto Integrado	5		5
Formación en centros de traballo			
Total:	36	15	21
	% =>	42%	58%

Ciclo Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas			
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			

Primeiro curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Xogos e actividades físico-recreativas para animación	4		4
Actividades físico-deportivas individuais	8		8
Actividades físico-deportivas con implementos	6	6	
Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico	7	7	
Animación de dinámica dos grupos	4		4
Metodoloxía didáctica de actividades físico-deportivas	4		4
Horas a disposición do centro	3		3
Total:		13	23
	% =>	36%	63%

Segundo curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Actividades físico-deportivas de equipo	14		14
Primeiros auxilios e socorrismo acuático	6	6	
Actividades físicas para persoas con discapacidades	3	3	
Organización e xestión de empresas de actividades de tempo libre	6	6	
Formación e orientación laboral	3	3	
Proxecto Integrado	4		4
Formación en centros de traballo			
Total:	36	18	18
	% =>	50%	50%

CM Coidados Axiliares de Enfermaría (ADULTOS)			
PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			

Primeiro curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Operacións administrativas e documentación sanitaria	2	2	
Técnicas básicas de enfermaría	12		12
Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	6		6
Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	5	5	
Técnicas de axuda odontolóxica	5	5	
Relacións no equipo de traballo	2	2	
Formación e orientación laboral	2	2	
Total:	34	16	18
	% =>	47%	53%

Segundo curso	Ses/sem	Castelán	Galego
Formación en centros de traballo (Hospital da Costa)	-		

D) Na Ensinanza de Adultos

Segundo o artigo 10 do Decreto 79/2010 do 20 de maio a decisión do centro con respecto ás materias impartidas na Ensinanza de Adultos é a seguinte:

Educación de Persoas Adultas- E.S.A. - LOMCE PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
---	--	--	--

Módulo 1	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito Social	3	3	
Ámbito científico-tecnolóxico	8		8
Lingua estranxeira	2		
Ámbito da Comunicación	6	3	3
Titoría	1	1	
Total:	20	7	11
	% =>	35%	55%
Módulo 2	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito Social	3	3	
Ámbito científico-tecnolóxico	8		8
Lingua estranxeira	2		
Ámbito da Comunicación	6	3	3
Titoría	1	1	
Total:	20	7	11
	% =>	35%	55%

Módulo 3	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito Social	4	4	
Ámbito científico-tecnolóxico	8		8
Lingua estranxeira	2		
Ámbito da Comunicación	5	3	2
Titoría	1	1	
Total:	20	8	10
	% =>	40%	50%

Módulo 4	Ses/sem	Castelán	Galego
Ámbito Social	4	4	
Ámbito científico-tecnolóxico	8		8
Lingua estranxeira	2		
Ámbito da Comunicación	5	3	2
Titoría	1	1	
Total:	20	8	10
	% =>	40%	50%

1º BACHARELATO PERSOAS ADULTAS (SEMIPRESENCIAL) - LOMCE PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
--	--	--	--

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura I	1		1
Lingua castelá e literatura I	1	1	
Primeira lingua estranxeira I	1		
Filosofía	1	1	
Educación física	1		1
Total:	5	2	2
	% =>	40%	40%

Materias Modalidade Humanidades e CCSS	Ses/sem	Castelán	Galego
Latín I	1		1
Matemáticas Aplicadas a ciencias sociais I	1		1
Economía	1	1	
Historia do Mundo Contemporáneo	1	1	
Grego I	1		1
Total:	5	2	3
	% =>	40%	60%

Materias Modalidade Ciencias	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas I	1		1
Bioloxía e Xeoloxía	1	1	
Física e Química	1		1
Debuxo Técnico	1	1	
Total:	4	2	2
	% =>	50%	50%

Materias Específicas e de Libre Configuración	Ses/sem	Castelán	Galego
Cultura científica	1		1
Segunda lingua estranxeira – Francés I	1		
Tecnoloxías da Información e da Comunicación	1	1	
Relixión	1		1
	4	1	2
	% =>	25%	50%

2º BACHARELATO DE PERSOAS ADULTAS (SEMIPRESENCIAL) - LOMCE PORCENTAXES CASTELÁN-GALEGO PL			
---	--	--	--

Materias comúns	Ses/sem	Castelán	Galego
Lingua galega e literatura II	1		1
Lingua castelá e literatura II	1	1	
Primeira lingua estranxeira II	1		
Historia de España	1		1
Total:	4	1	2
	% =>	25%	50%

Materias Modalidade Humanidades e CCSS	Ses/sem	Castelán	Galego
Latín II	1		1
Matemáticas Aplicadas a ciencias sociais II	1		1
Economía da Empresa	1	1	
Xeografía	1	1	
Grego II	1		1
Historia da Filosofía	1	1	
Historia da Arte	1	1	
Total:	7	4	3
	% =>	57%	43%

Materias Modalidade Ciencias	Ses/sem	Castelán	Galego
Matemáticas II	1		1
Bioloxía	1	1	
Física	1		1
Debuxo Técnico II		1	
Química	1		1
Total:	4	2	3
	% =>	40%	60%

Materias Especificas e de Libre Configuración	Ses/sem	Castelán	Galego
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	1	1	
Tecnoloxías da Información e a Comunicación II	1	1	
Relixión	1		1
Segunda Lingua Estranxeira – Francés II	1		
Psicoloxía	1	1	
	5	3	1
	% =>	60%	20%

3 Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

A chegada de poboación de orixe estranxeira ao noso centro está a incidir de xeito notable na evolución da diversidade na nosa poboación escolar.

De conformidade co disposto no Plan de Orientación do Centro, aprobado pola Comisión Pedagóxica, para que o alumnado sen suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, no IES Monte Castelo existirán, ademais da acción tutorial, as seguintes medidas de apoio:

3.1 Medidas curriculares

- As clases fornecidas polo profesorado das materias específicas durante o horario semanal de atención ao alumnado.
- As actividades de reforzo de aula facilitadas polo profesorado de cada unha das materias.
- As adaptacións curriculares individualizadas.
- Flexibilizacións de idade no caso de estranxeiros que descoñezan os dous idiomas oficiais

3.2 Medidas de tipo organizativo:

- Agrupamentos funcionais e Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).
- O apoio ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais, apoio que será fornecido polo Departamento de Orientación, especialmente polo profesorado de Pedagogía Terapéutica.
- No caso do alumnado inmigrante, o centro terá unha dispoñibilidade horaria para a atención deste alumnado co fin de que adquira as capacidades comunicativas mínimas que faciliten o seu proceso de integración.
- Se se considera necesario organizaranse grupos de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular, informada a inspección e con autorización da Xefatura Territorial.

4 Procedementos que aseguren que o alumnado de Ciclos Formativos acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

En todos os módulos se garantirá que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego e en castelán.

O profesorado de CF que detecte a presenza de alumnado que non acade a competencia lingüística propia do nivel comunicará á persoa titora do grupo informando á dirección do centro. En adición ás medidas descritas no apartado anterior, poderá incrementarse o número de materias impartidas na lingua na que se detecte un problema de nivel. Para isto recorrerase, se é necesario, á dispoñibilidade horaria para a atención a alumnado con necesidades educativas específicas, principalmente no caso de estudantes inmigrantes

5 Actividades para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, as dúas linguas oficiais.

As actividades realizadas no centro con este obxecto son diversas e de variada índole:

- En primeiro lugar as actividades expostas na programación xeral anual dos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá e do Equipo de Dinamización Lingüística.
- Realizaranse actividades con léxico específico dos módulos de Formación Profesional nas dúas linguas durante a exposición dos contidos propios de cada unidade.
- Como xa se expuxo, levaranse a cabo actividades de reforzo e de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas. Estas consistirán en mellorar as competencias activas e pasivas nas dúas linguas oficiais traballando o léxico, a gramática, a sintaxe, etc.
- Realizaranse actividades de animación á lectura tanto en galego coma en castelán en colaboración co equipo de traballo da Biblioteca.
- O alumnado realizará actividades complementarias e extraescolares en ambas linguas da Comunidade como:
 - Fomento das artes escénicas, musicais e do cinema
 - Participación en certames de creación literaria, relatos orais, olimpíadas de ciencia...
 - Organización de conferencias, exposicións e debates relacionados coa situación das linguas.
 - Visitas a institucións, empresas ou lugares de interese.

6 Estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais

Para a aprendizaxe de ambas as dúas linguas oficiais na Comunidade empregaranse as seguintes estratexias:

- Estratexias de elaboración: nas actividades propostas en ambas linguas, o alumnado terá que establecer conexións entre o xa coñecido e o novo resumindo a información ou creando analoxías.
- Estratexias de organización: o alumnado mellorará a súa competencia nas dúas linguas da Comunidade estruturando os contidos e establecendo relacións xerárquicas no que se refire a gramática, léxico, sintaxe...
- Estratexias de control da comprensión: o alumnado será capaz de planificar, regular e avaliar a mellora das súas competencias en lingua galega e castelá. Isto é, o profesorado debe establecer uns obxectivos e o alumnado teraos como meta axustándose a un plan trazado e valorando se finalmente os conseguiu ou non.
- Estratexias de apoio ou afectivas: a consecución dunha aprendizaxe está directamente ligada co ambiente que se cree ao adquirirla. Polo tanto, traballarase para conseguir a motivación dos alumnos cara a aprendizaxe das linguas demostrando a importancia na sociedade dunha boa competencia lingüística e procurando que a aprendizaxe se leve a cabo en contextos reais e relevantes.
- Agás nas clases de lingua e literatura galega, lingua e literatura castelá e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase

que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo.

- O Equipo de dinamización da lingua galega difundirá terminoloxía, normas de estilo e linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas. Así mesmo, os Departamentos de linguas farán a mesma difusión no que se refire aos respectivos idiomas.
- Procurarase que as estratexias de aprendizaxe sexan activas, participativas e motivadoras. Para isto, fomentarse o uso das TIC na ensinanza das linguas.
- Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos impartidos en galego, castelán e en lingua(s) estranxeira(s) terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia.

7 Obxectivos e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

7.1 Obxectivos xerais

As liñas de actuación e obxectivos estarán de acordo cos propostos polo Equipo de Dinamización Lingüística.

Coa finalidade prioritaria de promocionar a dinamización da lingua galega no centro e favorecer que a competencia lingüística do alumnado, ao final da súa escolarización, sexa equivalente nas dúas linguas oficiais, poñemos o máximo empeño en acadar os seguintes obxectivos xerais:

- Valorar a lingua galega como propia de Galiza, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.
- Analizar a realidade sociolingüística de Galiza, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.
- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersoal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración, de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

7.2 Obxectivos particulares

1. Implicar activamente a todos os membros da comunidade educativa (pais/nais, profesorado de todos os departamentos, alumnado e persoal de administración).
2. Potenciar as competencias activas sobre as pasivas no uso do galego.
3. Participar en actividades plurianuais que fomenten a utilización da lingua galega.
4. Utilizar o galego nas novas tecnoloxías.
5. Colaborar con institucións, entidades e asociacións en proxectos que fomenten a utilización do galego na sociedade.
6. Colaborar con outros centros educativos na planificación lingüística e na realización de actividades.
7. Diversificar as actividades atendendo ás necesidades en cada momento do curso.
8. Conseguir propostas orixinais para incidir nos usos reais, orais e escritos da comunidade educativa.

7.3 Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

As liñas de actuación para o fomento da lingua galega están recollidas basicamente no *Proxecto de fomento de uso do galego* elaborado polo EDL do centro.

Así mesmo, o labor desenvolvido a través de titorías e de actividades complementarias e extraescolares dos diferentes departamentos suman na consecución dos logros no fomento da nosa lingua.

Non obstante, as principais liñas de actuación son as seguintes:

7.3.1 Uso da lingua no IES Monte Castelo

O persoal docente e non docente do IES Monte Castelo utilizará, con carácter xeral, a lingua galega e fomentará o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións e coas entidades públicas e privadas de Galicia.

Os documentos administrativos -actas, comunicados e anuncios- do IES Monte Castelo redactaranse, con carácter xeral, en galego.

7.3.2 O galego nas actividades complementarias e extraescolares

En consonancia co disposto no Decreto 79/2010, o IES Monte Castelo fomentará o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice:

- O fomento das artes escénicas e musicais e do cinema.
- Campañas de animación á lectura, club de lectura.
- Uso da biblioteca escolar e dos recursos en rede.
- Certames de creación literaria, relatos orais.
- Organización de conferencias, exposicións e debates relacionados coa situación das linguas en calquera tipo de ámbito.
- O Equipo de dinamización da lingua galega difundirá terminoloxía, normas de estilo e linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas tamén nas actividades complementarias e extraescolares.

7.3.3 Outras liñas de actuación

Serán as que se expoñen a continuación:

- Implicar de forma activa a todos os membros da comunidade educativa no que se refire ás actividades de fomento do uso do galego.
- Potenciar as competencias activas sobre as pasivas, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade.
- Utilizar o galego para as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Potenciar o uso da lingua en colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións. .
- Conseguir que as actividades que obteñan un resultado positivo para fomentar o uso do galego teñan carácter plurianual.
- Diversificar e flexibilizar as actividades atendendo a cada momento do curso.

7.3.4 Alumnado exento da materia Lingua galega

No referente á exención da cualificación das probas de lingua galega e ao funcionamento do Equipo de dinamización da lingua galega, seguiranse as normas emanadas do Decreto 79/2010.

Este Proxecto Lingüístico foi elaborado seguindo as instrucións do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, por unha comisión de profesorado do centro nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica, que fixo a proposta ao Claustro para a súa revisión. Con data 5 de abril de 2017 foi aprobado polo consello escolar do centro e remitido a continuación á Inspección Educativa.

Burela, 29 de maio de 2017

O director

Asdo.: Luís María Díaz García